

CURSOS PONTE DO GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

Aprobado por Consello de Goberno (sesión do 25/03/2009)

O grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos é produto da transformación da Diplomatura de Relacións Laborais que actualmente se imparte nas Escola Universitarias de Relacións Laborais de Santiago e Lugo (esta última adscrita).

O Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias establece na súa Disposición adicional segunda. Incorporación ás novas ensinanzas que "Os estudantes que teñan comezado estudos consonte a anteriores ordenacións universitarias poderán acceder as ensinanzas reguladas neste real decreto previa admisión da Universidade correspondente segundo o establecido neste real decreto e na normativa da propia universidade".

Este mesmo real decreto, na *Disposición adicional cuarta* indica que: "3. *Quén, estando en posesión dun título oficial de Diplomado, Arquitecto Técnico ou Enxeñeiro pretenda cursar ensinanzas dirixidas á obtención dun título oficial de Grao, obterá o recoñecemento de créditos que proceda de acordo co previsto no artigo 13 do presente real decreto*".

Así pois, o RD 1393/2007 establece que para acceder ás ensinanzas de grao debe haber unha admisión previa da Universidade, e esta debe facerse consonte a normativa que a este respecto teña a propia universidade, que deberá recoñecerlle aos estudantes os créditos das ensinanzas de Grao que procedan segundo o curriculum que teñan seguido, de acordo co que establece o artigo 13 do RD 1393/2007 que regula o recoñecemento e transferencia de créditos.

Verbo de todo o anterior, e tendo en conta a demanda e intereses dos titulados de Relacións Laborais, o Consello de Goberno aprobou na sesión do 25 de marzo de 2009 o seguinte

ACORDO

1.- APROBAR A PROPOSTA DE "CURSO PONTE" PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN RELACIONES LABORAIS E RECURSOS HUMANOS POLOS TITULADOS DE RELACIONES LABORAIS de acordo coa proposta realizada pola Xunta de Centro da Escola Universitaria de Relacións Laborais do Campus de Santiago de Compostela na súa sesión do 4 de marzo de 2009, que acordou a implantación no seu Centro dun curso de adaptación ou "Curso Ponte" para os diplomados e diplomadas en Relacións Laborais que deberán superar o conxunto de materias obrigatorias que a continuación se indican:

<i>Dereito Administrativo II: Procedemento e Recursos Administrativos</i>	<i>6 ECTS</i>
<i>Comportamento Organizacional</i>	<i>6 ECTS</i>
<i>Dereito da Seguridade Social II: Prestacións</i>	<i>6 ECTS</i>
<i>Selección. Avaliación e Desenvolvemento de Persoal</i>	<i>6 ECTS</i>
<i>Planificación e Valoración de Plantillas</i>	<i>6 ECTS</i>
<i>Traballo fin de Grao</i>	<i>10 ECTS</i>
<i>Poderán recoñecerse ata 12 créditos por experiencia profesional.</i>	

Corresponderá ao órgano competente da Escola Universitaria de Relacións Laborais realizar a proposta de recoñecemento e transferencia de créditos dos estudantes que así o soliciten, de acordo coa normativa aprobada pola USC.

O calendario de implantación deste curso comprenderá dúas fases sucesivas: na primeira, que se aplicará no curso académico 2009/2010, o estudante poderá matricularse das materias correspondentes aos cursos de primeiro e segundo do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, coincidente coa progresiva implantación no Centro do referido Grao. Na segunda fase, a partir do curso académico 2010/2011, o alumno poderá matricularse en todas as materias contempladas no curso de adaptación.

Estas dúas fases obedecen a unha situación provisional, caracterizada polas extraordinarias dificultades docente que ocasiona a implantación do Grao no Centro. Por este motivo, propónse limitar a vinte o número máximo de alumnos que poderán ser admitidos no curso 2009/2010. No caso de que non se cubra esta cota, as prazas restantes incorporaranse á cota do curso "Ponte" de Graduados Sociais Diplomados e Diplomados en Graduado Social. En cursos sucesivos poderá ampliarse ou reducirse este número de alumnos na medida en que se poida garantir a cobertura das necesidades docentes no Centro.

Só poderán acceder a este curso os alumnos titulados en Relacións Laborais; os demais alumnos deberán solicitar o acceso polo sistema ordinario correspondente á cota de titulados ou á que de ser o caso lle corresponda.

2.- APROBAR A PROPOSTA DE "CURSO PONTE" PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN RELACIONES LABORAIS E RECURSOS HUMANOS POLOS GRADUADOS SOCIAIS DIPLOMADOS E DIPLOMADOS EN GRADUADO SOCIAL, de acordo coa proposta realizada pola Xunta de Centro da Escola Universitaria de Relacións Laborais do Campus de Santiago de Compostela na súa sesión extraordinaria do 18 de marzo de 2009, que acordou a implantación no seu Centro dun curso de adaptación ou "Curso Ponte" para os diplomados e diplomadas en Relacións Laborais, que deberán superar o conxunto de materias obrigatorias que a continuación se indican:

<i>Dereito Administrativo II: Procedemento e Recursos Administrativos</i>	<i>6 ECTS</i>
<i>Comportamento Organizacional</i>	<i>6 ECTS</i>
<i>Selección, Avaliación e Desenvolvemento de Persoal</i>	<i>6 ECTS</i>
<i>Planificación e Valoración de Plantillas</i>	<i>6 ECTS</i>
<i>Dereito Societario</i>	<i>6 ECTS</i>
<i>Dereito Tributario</i>	<i>6 ECTS</i>
<i>Facenda Pública: Réxime Fiscal da Empresa</i>	<i>6 ECTS</i>
<i>Dirección e Xestión de Recursos Humanos</i>	<i>6 ECTS</i>
<i>Prácticas do Dereito de Traballo</i>	<i>9 ECTS</i>
<i>Traballo fin de Grao</i>	<i>6 ECTS</i>
<i>Poderán recoñecerse ata 15 créditos por experiencia profesional</i>	

Corresponderá ao órgano competente da Escola Universitaria de Relacións Laborais realizar a proposta de recoñecemento e transferencia de créditos dos estudantes que así o soliciten, de acordo coa normativa aprobada pola USC.

O calendario de implantación deste curso comprenderá dúas fases sucesivas:

- **Na primeira, que se aplicará no curso académico 2009/2010**, o estudante poderá matricularse das materias correspondentes aos cursos de primeiro e segundo do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, coincidente coa progresiva implantación no Centro do referido Grao.
- **Na segunda fase, a partir do curso académico 2010/2011**, o alumno poderá matricularse en todas as materias contempladas no curso de adaptación.

Estas dúas fases obedecen a unha situación provisional, caracterizada polas extraordinarias dificultades docentes que ocasionan a implantación do Grao no Centro. Por este motivo, propónse limitar a dez o número máximo de alumnos que poderán ser admitidos no curso 2009/2010. No caso de que non se cubra esta cota, as prazas restantes incorporaranse á cota do curso "Ponte" de Diplomados en Relacións Laborais. En cursos sucesivos poderá ampliarse ou reducirse este número de alumnos na medida en que se poida garantir a cobertura das necesidades docentes no Centro.

Só poderán acceder a este curso os alumnos titulados en Graduado Social; os demais alumnos deberán solicitar o acceso polo sistema ordinario correspondente á cota de titulados ou a que de ser o caso lle corresponda.